

O VELLO CARBALLO

Ken Loach, 2023

1196

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2023 | V.O.S.E. | +12 | 110 min

O filme narra o futuro de The Old Oak, o último pub que queda nunha vila do noroeste de Inglaterra, onde a xente está abandonando a terra a medida que pechan as minas. As casas son baratas e están dispoñibles, polo que é un lugar ideal para os refuxiados sirios.

«O último e brutal chamamento de Ken Loach á compaixón e á solidariedade»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



Entrevista con Ken Loach: A esperanza en tempos escuros

De onde hoxe O vello carballo? Fixeramos dous filmes no nordeste de Inglaterra, historias de persoas atrapadas nesta sociedade fracturada. Alí, coñecemos moitas persoas fortes e xenerosas que responderon a estes tempos escuros con valentía e determinación. Sentiamos que tiñamos que facer un terceiro filme que reflectise iso, pero que tampouco minimizase as dificultades que a xente tiña que afrontar e o que sufrira esta zona nas últimas décadas.

Un punto de partida foi a realidade do abandono que sufríu a rexión. As antigas industrias desapareceran -a construción naval, a siderurxia e as minas do carbón- e pouco se puxera no lugar. Moitas das vilas mineiras, noutro tempo comunidades prósperas cunha enraizada tradición de orgullo e solidariedade, foron abandonadas á súa sorte polos políticos, tanto Tories como Laboristas, e condenadas a apodrecer. Laboristas como Tony Blair e Peter Mandelson eran deputados de alí e iso non tiña mudado nada. Moitas familias marcharan, moitas tendas pecharan, ao igual ca escolas, bibliotecas, gran parte dos espazos públicos. A esperanza esvaecera dando lugar á alienación, a frustración e a desesperanza. E entrou en escena, de forma alarmante, a extrema dereita.

Nese momento o goberno acepta recibir refuxiados da terrible guerra de Siria. Viñeron menos que a outros países europeos e o Nordeste acolleu máis que calquera outra zona de Inglaterra. Por que? Pola vivenda barata e por ser unha zona á que os medios non prestan atención. Paul [Lavery] oíu historias das familias sirias que comezaban a chegar e pensou que aí había un filme. Pero primeiro había que comprendelo. Dúas comunidades a vivir a unha ao carón da outra, ambas con problemas serios, pero unha co trauma de ter fuxido dunha guerra cruel, en dó polos seres perdidos e moi preocupada polo deixado atrás. Poden estes dous grupos convivir? Haberá respostas contraditorias. En tempos escuros, onde está a esperanza? Parecía unha pregunta difícil para a que debíamos buscar resposta.

Logo desa formulación inicial, como foi evoluíndo o proxecto até converterse nos personaxes e a historia d'O vello carballo? Paul e máis eu falamos moito da situación xeral. Y chegou un momento no que Paul suxeriu contar a historia arredor dun pub, que se había chamar The Old Oak. O propietario, TJ, encarnaría a loita, cunha traxectoria de persoa activa na comunidade, que agora está superado por moitos problemas. As historias sempre son sobre relacións e logo Paul escribiu sobre unha muller que aprendeu inglés nun campo de refuxiados mentres traballaba con voluntarios internacionais e ademais aprendeu, soa, a ser fotógrafa. Esas experiencias serven para ampliar a súa perspectiva sobre o mundo que os rodea. A súa amizade con TJ é o cerne da historia.

Quen é TJ? Un home de 50 e tantos nacido e criado na vila. Empezou a traballar na mina xusto antes da folga de 1984. Esa experiencia converteuno en militante e chegou a ser líder da comunidade, ademais de organizador dun equipo de fútbol. Ao pechar a mina, viuse obrigado a traballar de todo. Ao morrer seu pai cobra unha indemnización que lle permite mercar un pub, The Old Oak, o último da vila. El entende as consecuencias políticas e sociais do que sucede pero xa non ten forzas para loitar. Ten só unha amizade real, a súa cadelíña Marra. Ela non pide nada e sempre está aí para lle sacar un sorriso.